

<b>1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA</b>	
<b>CÓDIGO</b>	NON CUBRIR
<b>MATERIA</b>	TEORÍAS DO ESPECTÁCULO I
<b>DISCIPLINA</b>	Teorías do espectáculo e da comunicación
<b>TITULACIÓN</b>	Título Superior en Arte dramática
<b>ESPECIALIDADE</b>	Dirección de Escena e Dramaturxia
<b>ITINERARIO</b>	Todos
<b>CURSO</b>	1º
<b>CRÉDITOS ECTS</b>	4
<b>CARÁCTER</b>	Obrigatorio
<b>DEPARTAMENTO</b>	Teoría e Historia das Artes Escénicas
<b>CENTRO</b>	ESAD de Galicia
<b>COORDINADOR/A</b>	Inmaculada López Silva
<b>DOCENTES</b>	<b>Nome e apelidos:</b> Inma López Silva <b>Horario titorías:</b> <a href="https://esadgalicia.com/curso-escolar/">https://esadgalicia.com/curso-escolar/</a> <b>Despacho:</b> T4 <b>Contacto:</b> inma.lopez.silva@edu.xunta.gal
<b>DESCRICIÓN</b>	Principios teóricos e dimensión práctica da comunicación escénica e audiovisual no ámbito da interpretación. Estudo práctico dos principios da linguaxe escénica e audiovisual. Análise práctica da creación escénica e audiovisual como fenómenos comunicativos: aspectos antropológicos e sociolóxicos. Análise práctica de espectáculos e procesos metodológicos da crítica.
<b>COÑECEMENTOS PREVIOS</b>	Saber achegarse de xeito crítico, tanto por oral como por escrito, a calquera texto de orde ensaística, tanto literario coma xornalístico, teórico ou filosófico, sobre as artes do espectáculo. Coñecementos básicos de filosofía (nivel Bacharelato).
<b>LINGUA EN QUE SE IMPARTE</b>	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/>
<b>2. COMPETENCIAS</b>	
<b>COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO</b>	
<b>T1</b>	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
<b>T2</b>	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
<b>T3</b>	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
<b>T4</b>	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
<b>COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN</b>	
<b>X1</b>	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
<b>X2</b>	Comprender psicoloxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas; desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose ás demais persoas e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo.
<b>X3</b>	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
<b>X8</b>	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.
<b>COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE</b>	
<b>ED5</b>	Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.
<b>ED6</b>	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.
<b>3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA</b>	
<b>COMPETENCIAS VINCULADAS</b>	

1. Coñecer aspectos básicos das teorías sobre a comunicación e a comunicación humana	ED5, X3, X8, T3,
2. Aplicar as teorías e modelos da comunicación áos procesos de creación e recepción artística, escénica e audiovisual.	ED5, ED6, X1, X2, T3, T4.
3. Comprender os procesos básicos na recepción artística e na construcción do significado.	ED5, X3, X8, T3
4. Coñecer aspectos básicos nos procesos de consumo cultural, prestando especial atención aos públicos das artes escénicas.	ED5, ED6, X1, X2, T1, T2, T3, T4
5. Coñecer, analizar e comprender o rol do espectáculo na sociedade actual.	ED5, X1, X2, T3, T4
6. Analizar e valorar os elementos e procesos por medio dos que se configura o espectáculo e a súa incidencia na esfera social e individual.	ED6, X3, X8, T4
7. Analizar e valorar os espectáculos na súa dimensión social e cultural, na perspectiva da Socioloxía e a Antropoloxía.	ED5, ED6, X1, X2, T3

**4. CONTIDOS**

TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. A definición das artes escénicas	3.2. Conceptos de Dramaticidade, teatralidade e audiovisualidade na súa relación co labor artístico. 3.3. A creación dun mundo posibel: teorías da ficción. 3.4. A recepción do teatro.	26
2. A comunicación social do espectáculo: o sistema teatral	1. 1. Campo cultural e sistema teatral. 1. 2. Aspectos básicos do sistema teatral: artista como produtor 1. 3. Políticas no ámbito das artes escénicas e audiovisuais	26
<b>TOTAL SESIÓNS</b>		<b>52</b>

**A materia será impartida por dúas persoas docentes, e realizarase unha distribución dos temas ao 50% en función da especialización de cadaquén e das circunstancias horarias. Cada docente avaliará a súa parte.**

**5. PLANIFICACIÓN DOCENTE**

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Exposición maxistral (con ou sen Moodle)	38		38
Práctica colectiva (Debates de aula)	12		12
Actividades complementarias (Estudo persoal, lecturas, Moodle)		66	
Titorías individuais	2		2
Actividades de avaliação. Probas	2		2
Actividades de avaliação. Revisión	1		1
<b>TOTAL</b>	<b>55</b>	<b>66</b>	<b>121</b>

**6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE**

Actividades	Descripción
Sesión maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices de traballo e aspectos básicos para o debate co fin de fornecer na aula e directamente os contidos conceptuais mínimos da disciplina.
Debates	O alumnado comentará e analizará nunha perspectiva crítica e reflexiva cuestións cunha orientación teórica, metodolóxica e práctica, cuestións vinculadas cos contidos da materia.
Traballos tutelados	Á fin de cada tema, o/a docente dalgunha das partes da materia poderá solicitar do alumno/a unha reflexión de non máis de cinco páxinas a partir dalgún tema proposto. Tratarase de que, alén do aprendido, manexe outros materiais alén dos fornecidos na aula, como libros teóricos, materiais en rede, artigos académicos, prensa, etc.
Exames	Á fin de cada tema ou subtema, o/a docente dalgunha das partes poderá solicitar a realización dunha proba escrita sobre os contidos da materia que non fosen avaliados a través de traballos.

**7. ATENCIÓN PERSONALIZADA**

Titoría individual obligatoria	Sesión de traballo individualizada para a orientación de cuestións relativas ao traballo tutelado.
Outras titorías	Seguemento, segundo as necesidades de cada estudiante, da evolución do proceso de

	aprendizaxe, incidindo personalizadamente, se for necesario, nos aspectos que requiran reforzo.	
<b>8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN</b>		
<b>8. 1 Avaliación ordinaria</b>		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Participación e traballo na aula	T3, T4, X8, ED5	10%
<b>Traballos tutelados</b>  Con carácter obligatorio, e se o/a docente así o determina, o alumnado deberá realizar á fin de cada tema, un traballo sobre unha cuestión proposta pola docente. Tratarase de que, alén do aprendido, se manexen outros materiais alén dos fornecidos na aula, como libros teóricos, materiais en rede, artigos académicos, prensa, etc. Será necesario, por tanto, manexar bibliografía complementaria que o alumno deberá procurar. Obrigatoriamente, todos os alumnos deberán asistir a, polo menos, unha titoría por tema con motivo de supervisar a elaboración destes traballos. Para evitar o risco de plaxio, non se calificará ningun traballo que non fose pactado, aceptado e titorizado polo profesor.	T3, T2, T4, X3, X8, ED5, ED6	45%
<b>Probas á fin de cada tema</b>  Con carácter obligatorio, e se o/a docente así o determina, proporase unha proba que consistirá nun comentario de texto correspondente a algún dos contidos do programa, vocabulario para definir e preguntas de carácter más amplio cos que o/a estudiante poída demostrar a súa adquisición de competencias mínimas esixidas e a súa consecución dos obxectivos. O exame constará de: 1.Un comentario dun texto sobre calquera dos aspectos contidos no temario. 2.Dous temas a desenvolver desde unha perspectiva crítico-histórica. 3.A definición de conceptos e termos explicados no temario. Non hai opción a avaliar partes da materia por separado en xullo nin se gardará ningunha nota obtida durante a avaliação continua ou na convocatoria ordinaria de febreiro.	T1, T3, T4, X1, X2, X3, X8, ED5, ED6	45%
Aqueles estudiantes que non teñan superada algúna das probas necesarias para aprobar a materia, deberán: 1/ Realizar un exame na data e hora da convocatoria ordinaria de febreiro (vid. as características do exame no punto anterior); ou 2/ Demostrar, a través da realización dalgúnha proba específica ou da repetición dalgún dos traballos non entregados/non superados que o/a alumno/a está en disposición de acadar as competencias non superadas. Será a docente quen decida cal das dúas opciones é a idónea para cada caso, optándose pola segunda sempre que a ausencia a clase non excede o 20% e sempre que estea superado, polo menos, o 50% das probas.	T1, T2, T3, T4, X1, X2, X3, X8, ED5, ED6	100%
<i>Amnistía ortográfica:</i> Prégase atención á redacción e ás faltas de ortografía nas probas e traballos, pois poden rebaixar a nota en 0,05 puntos por falta en casos de exceso, puntuación que será devolta se o alumno demostra ter superado o problema en probas sucesivas. , ,		
<i>Política antiplaxio:</i> Calquera copia ou paráfrase directa de traballos publicados en calquera soporte (fundamentalmente internet) implicará un suspenso automático, só recuperábel nas convocatorias ordinaria e/ou extraordinaria.		
<b>8.2. Avaliación extraordinaria</b>		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
A avaliação na convocatoria extraordinaria de xullo consistirá nun exame arredor de CALQUERA dos contidos aos que se refire o temario. O exame constará de: 1.Un comentario dun texto sobre calquera dos aspectos contidos no temario. 2.Dous temas a desenvolver desde unha perspectiva crítico-histórica. 3.A definición de conceptos e termos explicados no temario. Quen non supere a avaliação ordinaria terá necesariamente que realizar este	T1, T2, T3, T4, X1, X2, X3, X8, ED5, ED6	100%

exame. Non hai opción a avaliar partes da materia por separado en xullo nin se gardará ningunha nota obtida durante a avaliación continua ou na convocatoria ordinaria de febreiro.

### 8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

Ferramenta / actividad	Competencias avaliadas	Ponderación
<p>Consistirá nun exame arredor de CALQUERA dos contidos aos que se refire o temario. O exame constará de:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1.Un comentario dun texto sobre calquera dos aspectos contidos no temario.</li> <li>2.Dous temas a desenvolver desde unha perspectiva crítico-histórica.</li> <li>3.A definición de conceptos e termos explicados no temario.</li> </ol> <p>Quen non supere a avaliación ordinaria terá necesariamente que realizar este exame. Non hai opción a avaliar partes da materia por separado en xullo nin se gardará ningunha nota obtida durante a avaliación continua ou na convocatoria ordinaria de febreiro.</p>	T1, T2, T3, T4, X1, X2, X3, X8, DD3, DD5, DD6	100%

### 9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

#### Referencias básicas

- Bobes Naves, María del Carmen (ed.) (1997): *Teoría del teatro*, Madrid, Arco Libros.  
 Carlson, Marvin (1993) *Theories of the theatre. A Historical and Critical Survey from the Greeks to the Present (Expanded edition)*. Ithaca: Cornell University Press.  
 Fischer Lichte, Erika (1999) *Semiotica del teatro*. Madrid: Arco.  
 Goffman, E. (1994): *La presentación de la persona en la vida cotidiana*, Buenos Aires, Amorrortu.  
 Kowzan, Tadeusz (1997): *El signo y el teatro*, Madrid, Arco.  
 López Silva, Inmaculada (2015) *Resistir no escenario. Cara a unha historia institucional do teatro galego*. Santiago: USC.  
 López Silva, Inmaculada (dir.) (2018) *Diccionario Enciclopédico de Termos Escénicos*. Santiago: Consello da Cultura Galega.  
 Ferramenta en liña: <http://dicionarios.consellodacultura.gal/termosescénicos/>  
 Pruner, Michel (2006): *A Fábrica do teatro*, Vigo, Editorial Galaxia.  
 Roubine, Jean-Jacques (2003): *Introducción ás grandes teorías do teatro*, Vigo, Editorial Galaxia.  
 Schechner, Richard (2002): *Performance Studies: An Introduction*, Londres , Routledge.  
 Trancón, Santiago (2006) *Teoría del teatro*, Madrid, Fundamentos  
 Ubersfeld, Anne (1996) *Lire le théâtre I, II, III*. París: Belin  
 Vieites, Manuel F. (2005): *O teatro*, Vigo, Editorial Galaxia.

#### Referencias complementarias

- Aristóteles (1988) *Poética de Aristóteles*, ed, trilingüe de Valentín García Yebra. Madrid: Gredos.  
 Artaud, Antonin (1978) *El teatro y su doble*. Barcelona: Edhasa.  
 Badiou, Alain (1994) *Rapsodia polo teatro*. Santiago: Sotelo Blanco.  
 Baltés, Blanca [ed.] (2002) *Jacques Copeau. Escritos sobre el teatro*. Madrid: ADE.  
 Boileau, Gilles [1671] (1984) *L'art poétique*. París: Bordas.  
 Bourdieu, Pierre (1995) *Las reglas del arte*. Barcelona: Anagrama.  
 Brecht, Bertold (2004) *Escritos sobre teatro*. Barcelona: Alba.  
 Brook, Peter (1986) *El espacio vacío. Arte y técnica del teatro*. Barcelona: Península.  
 Davis, Tracy C. & Postlewait, Thomas (2003) *Theatricality*. Cambridge: Cambridge University Press.  
 Eco, Umberto (1986) *La estructura ausente. Introducción a la semiótica*. Barcelona: Lumen.  
 Even Zohar, Itamar (1990) "El sistema literario" *Poetics Today* 11: 1  
 Fortier, Mark (1997) *Theory / Theatre. An introduction*. London & New York: Routledge.  
 Frey, Bruno S. & Pommerene, Werner W. (1995) *Musas e mercados*. Santiago: Laiovento.  
 García Barrientos, José Luis (2004) *Teatro y ficción*. Madrid: Fundamentos – RESAD.  
 Gerould, Daniel (2000) *Theatre / Theory / Theatre. The Major Critical Texts from Aristotle and Zeami to Soyinka and Havel*. New York: Applause.  
 Goldberg, Rose Lee (2002): *Performance art*, Barcelona, Destino.  
 Horacio (2006) "Epistola ad Pisones", en *Arte poética y otros textos de teoría y crítica litéreas*. Cáceres: Universidad.  
 Hubert, Marie-Claude (1998) *Les grandes théories du théâtre*. París: Armand Colin.  
 Hugo, Victor (1827) Prefacio a *Cromwell*. <http://www.ciudadseva.com/textos/teoria/opin/hugo01.htm>  
 Lessing, Ephraïm (1981): *Hamburgische Dramaturgie*, Stuttgart, Reclam.  
 Lope de Vega, Felix (1609) *El arte nuevo de hacer comedias*. <http://www.trinity.edu/org/comedia/misc/artnue.html>  
 López Silva, Inmaculada (2004) *Teatro e canonización*. Lugo: Tris Tram.  
 Marinis, Marco de (1988) *Capire il teatro. Lineamenti di una nuova teatologia*, Firenze, La Casa Usher.  
 Martínez Paramio, Agapito (2006) *Cuaderno de dirección teatral*. Ciudad Real: Ñaque.  
 Meyerhold, V. E. (2003) *Teoría teatral*. Madrid: Fundamentos.  
 Pavis, Patrice (1990) *Diccionario del teatro: dramaturgia, estética, semiología*. Barcelona: Paidós.  
 Pavis, Patrice (2000): *El análisis de los espectáculos*, Barcelona, Paidós.

- Piscator, Erwin (2001) *El teatro político*. Hondarribia: Hiru.
- Reinelt, Janelle G. & Roach, Joseph R. (1995) *Critical theory and performance*. Michigan: Ann Arbor.
- Sánchez, José Antonio (ed.) (1999) *La escena moderna*. Madrid: Akal.
- Spang, Kurt (1991) *Teoría del drama. Lectura y análisis de la obra teatral*. Pamplona: Universidad.
- Stanislavski, Konstantin (2003) *El trabajo del actor sobre sí mismo en el proceso creador de la vivencia*. Barcelona: Alba.
- Strasberg, Lee (1987) *A dream of passion. The development of the Method*. Boston: Little, Brown & Co.
- Surgers, Anne (2009) *Teatro occidental: unha historia teatral desde a escenografía*. Vigo: Galaxia.
- Trancón, Santiago (2006) *Teoría del teatro*, Madrid, Fundamentos.
- Übersfeld, Anne (1993) *Semiotica teatral*. Madrid: Cátedra
- Vieites, Manuel F. (coord.) (2000) *Animación teatral*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Villegas, Juan (1991) *Nueva interpretación y análisis del texto dramático*. Ottawa: Girol.

#### 10. OBSERVACIÓN / RECOMENDACIÓN

Esta Guía Docente pode verse modificada nalgún punto en virtude das circunstancias do comezo do curso, do desenvolvemento da docencia ou doutros imprevistos, a criterio do docente ou do Departamento de Teoría e Historia das Artes Escénicas e sempre avisando o alumnado dos parámetros de mudanza con antelación e con argumentos xustificados.